

## Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 20 de novembro de 2012

Hora: 09:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Purificación Cariñena Amigo

Pablo García Tahoces

Francisco Omil Prieto

Juan M. Garrido Fernández

Mª Carmen Palacios

David López Vilariño

Ramón Méndez Pampín

Alberto Bugarín Díz

Tomás Fernández Pena

Puntos a tratar:

PUNTO ÚNICO: Informes de seguemento dos títulos

O obxectivo desta reunión da CCC é poñer en común as impresións e os datos recabados logo das xuntanzas da Vicerreitora de Calidade cos coordinadores de grao e cos coordinadores de máster da USC, celebradas o día 13 de novembro.

O director da ETSE propón que se compartan os informes e as respostas enviadas pola ACSUG o curso pasado, para todas as titulacións do centro.

Propón como acción de mellora para todas as titulacións obter informes dos egresados, usando o procedemento xa desenvolvido pola anterior subdirectora: establecer un calendario, propoñer esquemas de mellora.

Respecto á resposta aos informes enviados o ano pasado, un dos puntos que más negativamente se avaliou foi a visibilidade da información. Non consideran adecuado que se presenten os documentos dos informes como pdfs, porque fai que a información non estea o suficientemente visible na web. Ademais, ás veces hai problemas coas ligazóns, que non funcionan.

Os obxectivos de mellora deben ser medibles e públicos (accesibles nas páxinas web dos títulos, tanto nas oficiais da USC como nas propias do centro).

Estes plans de mellora deberían integrarse co SGIC do centro. Sen embargo, a visibilidade do SGIC está pendente dunha aplicación que a USC pretendía ter dispoñible en setembro de 2012, pero que aínda está sen rematar.

Francisco Omil (Enxeñaría Ambiental) comenta que na reunión coa vicerreitora informouse de que de 60 informes presentados no curso pasado, o 70% tiveron o resultado de non conformes. Propón compartir o informe deste máster cos demais másteres, personalizando os datos para que se distinga claramente entre másteres. Está a elaborar un documento para entregar á vicerreitora expresando o desacordo co procedemento establecido para a avaliación, e propoñendo unha serie de accións de mellora.

Ramón Méndez (Procesos Químicos e Ambientales) aclara que foi o 74% dos másteres os que foron non conformes o curso pasado. A principal queixa foi no apartado de visibilidade, e nos problemas de acceso á información: múltiples sitios (páxina do máster, do departamento, da USC) non sempre coherentes, e ademais a web da USC non funciona moi ben. Debería ser posible un acceso normalizado, de forma que o procedemento fose igual para todos os másteres independentemente do centro.

Respecto a este máster, comenta que o día 29 de outubro recibiron a petición de informe, o 9 de novembro reciben moita información que non se sabe moi ben como manexar, e o 13 de novembro convócanos a unha reunión na que se di que o 30 de novembro hai que ter o informe final, pero sen especificar ben como debe ser este informe.

Dado que este máster remata este ano, non ten moito sentido propoñer accións de mellora, nin propoñer unha mellora para o “título do máster”.

Alberto Bugarín (Tecnoloxías da Información) indica que as reflexións en cada apartado deben estar baseadas en indicios obxectivos, indicadores, datos, etc. Para isto é para o que enviaron os 2500 datos, táboas, ... Pero o obxectivo da reunión coa vicerreitora parece que foi presentar unha nova web das titulacións da USC, que ten calendario previsto de implantación en xullo de 2013. De momento, para o que serviría este modelo de web é para apuntar a uns enlaces que estarían vacíos. Como queixa, deixa constancia de que a primeira noticia que tiveron neste máster sobre o informe de seguimento recibiu-se coa convocatoria da reunión coa vicerreitora. O que van facer é recompilar información e facer unha reflexión simple e concreta con accións medibles para facer nun ano. Como problema adicional, indicarán que a supresión dos asociados que aparecían na memoria da titulación e cos que se contaba para a docencia fará que se reduza a calidade da docencia, pero non é responsabilidade do máster, senón da USC.

Juan Garrido (Enxeñaría Química) coincide con Alberto Bugarín na queixa polos prazos establecidos. Na reunión da vicerreitora cos coordinadores de Grao tamén se presentou a nova web das titulacións (Farmacia como exemplo). A decana de Farmacia queixouse de que vai ser moi laborioso introducir a información de horarios, clases, etc. Ademais, aparece o problema de quen vai introducir os datos, e quen os vai xestionar e actualizar. Respecto ós informes de seguemento, os resultados favorables ou desfavorables non parecen estar moi motivados.

A vicerreitora informou nesta reunión que non é recibida pola ACSUG pese a ter solicitada dita reunión. A ANECA di que tal como está plantexado o sistema de avaliación, é inasumible. De feito, xa se plantexa facer visitas por centro, e non por titulación como se prevía inicialmente. A ACSUG pide moita información que logo non pode procesar cos recursos de que dispón. Gran parte dos informes non foron avaliados. As alegacións presentadas polos coordinadores non se tiveron en conta nos informes finais.

O director da ETSE propón que se faga un esquema xeral de informe para todas as titulacións do centro, es se personalicen os aspectos máis relevantes de cada título, presentando 3 ou 4 obxectivos de mellora medibles, comentando entre todos os membros da Comisión de Calidade as ideas que se queiran aportar. O día 30 de novembro reunirse de novo a comisión para aprobar os informes.

Juan Garrido intervén para indicar que un dos obxectivos para a titulación de EQ é mellorar a taxa de graduación, que é do 7%. Os problemas económicos actuais fan que outros obxectivos como son as visitas técnicas ou facer prácticas de calidade se vexan reducidos. Respecto ó profesorado, aínda que a maior parte está motivado pola calidade, hai algúns docentes que non se esforzan o necesario.

Respecto a este tema (a avaliación da docencia) o director propón non enviar ós coordinadores a información completa por profesores, senón só por materias, para manter na medida do posible a privacidade dos datos. Se se precisan datos personalizados por profesor, enviaranse baixo demanda para cada situación concreta, solicitántodos á dirección do centro.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 10:30 h.